



III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial

Ourense

Servizo de Relacións Laborais

Convenio ou acordo: limpeza de instalacións hospitalarias pechadas da Seguridade Social.

Expediente: 32/01/0002/2012.

Data: 22/11/2012.

Asunto: resolución de inscrición e publicación.

Destinatario: Francisco Rodríguez García.

Código de convenio n.º 32000395011989

Antecedentes

1.- O día 30/10/2012 presentouse para a súa inscrición e publicación a acta de acordo da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de limpeza de institucións hospitalarias da Seguridade Social (código de convenio n.º 32000395011989), relativa á disposición adicional sexta do texto do antedito convenio colectivo, que se publicou no BOP n.º 294, do 24 de decembro de 2009. O mencionado acordo foi suscrito o día 6 de febreiro de 2011 polos membros da citada comisión integrada en representación da parte empresarial, polo designado pola Asociación de Empresarios de Limpeza de Hospitais e en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representantes designados/as polas centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Confederación Intersindical Galega (CIG).

2.- O día 13/11/2012, para os efectos de poder continuar coa tramitación, requiriuse documentación que se presentou con data 21/11/2012 no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, con funcionamento telemático, e o día 16/11/2012 no Rexistro Único da Xunta de Galicia en Ourense PRRU0311 (acordo asinado o día 12/11/2012 no que se solicita a publicación do antedito acordo da comisión).

Consideracións legais

1. O artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo (BOE n.º 75, do 29 de marzo de 1995).

2. O Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE n.º 143, do 12 de xuño de 1995).

3. O Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo (BOE n.º 232, do 2 de setembro de 1982).

4. As demais normas aplicables do dereito común.

De conformidade con todo o indicado, esta xefatura territorial resolve:

1.- Ordena-lo rexistro e depósito da mencionada acta no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, que se creou mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación ás representacións empresarial e social da Comisión Negociadora.

2.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de limpeza de institucións hospitalarias de Ourense

En Ourense, no local da CIG, cando son as 11.00 horas do día 6 de febreiro de 2011, reúnese a Comisión Paritaria do Convenio de limpeza de hospitais de Ourense de conformidade co artigo 21 do convenio colectivo, e formada polas seguintes persoas.

Pola parte empresarial, Asociación de Empresarios de Limpeza de Hospitais: Ramón González Fontaiña. Pola parte dos traballadores/as: Mónica García González, Laudelina Alvar Blanco, M.ª Carmen Fernández Borrajo, Rogelio Cibeira Fernández (UGT) e Etelvino Blanco Rodríguez (CIG).

Acordan:

Para aspirar a unha vacante de quenda, planta ou servizo, será requisito imprescindible, tal como establece a disposición adicional sexta do texto do convenio publicado no BOP n.º 294 do 24-12-2009, levar 5 anos ininterrompidos nunha mesma quenda, planta ou servizo. Enténdese que a conxunción adversativa "ou" indica que para aspirar á vacante é suficiente con acreditar-los 5 anos en calquera dos tres posibles destinos (quenda, planta ou servizo), xa que en caso contrario tería figurado a conxunción copulativa "e", que indica adición.

En consecuencia, para poder optar a un cambio de quenda terá que levar cinco anos na quenda de orixe, para poder optar a un cambio de planta ou de servizo terá que levar cinco anos na planta ou servizo. Será outorgada á/ó solicitante con máis antigüidade no centro de traballo.

Autorízase a Alberto Iglesias Nieto para o rexistro e publicación da dita acta.

Sen máis asuntos que tratar levántase a reunión cando son as 12.00 horas, e en proba de conformidade para os efectos oportunos, asíñase esta acta no lugar e data arriba indicada.

Consellería de Trabajo y Bienestar

Jefatura Territorial

Ourense

Servicio de Relaciones Laborales

Convenio o acuerdo: limpieza de instalaciones hospitalarias cerradas de la Seguridad Social.

Expediente: 32/01/0002/2012.

Fecha: 22/11/2012.

Asunto: resolución de inscripción y publicación.

Destinatario: Francisco Rodríguez García.

Código de convenio n.º 32000395011989

Antecedentes

1. El día 30/10/2012 se presentó para su inscripción y publicación el acta de acuerdo de la Comisión Paritaria del Convenio colectivo de limpieza de instituciones hospitalarias de la Seguridad Social (código de convenio n.º 32000395011989), relativa a la disposición adicional sexta del texto del antedicho convenio colectivo, que se publicó en el BOP n.º 294, de 24 de diciembre de 2009. El mencionado acuerdo fue suscrito el día 6 de febrero de 2011 por los miembros de la citada comisión, integrada en representación de la parte empresarial, por el designado por la Asociación de Empresarios de Limpieza de Hospitales, y, en representación de los/las trabajadores/las del sector, por los/las representantes designados/as por las centrales sindicais Unión General de Trabajadores (UGT) y Confederación Intersindical Galega (CIG).